



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA Nº 2022/8

### SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO PLENO CORPORATIVO

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,  
LUNS, 1 DE AGOSTO DE 2022**

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **Sesión Extraordinaria e Urgente da Pleno Corporativo**.

**PRESIDE:**

M<sup>a</sup> TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**

*PP (GPM do PP)*

RAMÓN MANUEL MARTÍNEZ RIAL

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*

JULIO M. D. PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVÁN BERMÚDEZ CASTRO

*BNG (Grupo Mixto)*

ANXO MOLEDO CARREÑO (BNG)

**AUSENCIAS:**

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA (PP)

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

#### Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, da urxencia da sesión
- 2 Aprobación, se procede, do incremento do límite dos gastos plurianuais nos expedientes de contratación 9/2022 e 10/2022, relativos ao Plan de Mellora de Camiños 2022-2023

### 1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que se ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

- 1 O Concello de Lousame foi beneficiario dunha subvención por parte de AGADER no Plan de Mellora de Camiños 2022-2023. Esta subvención esixe a execución de 2 investimentos cun tratamento de gasto plurianual, de tal xeito que parte do investimento será executado no ano 2022 e a outra parte do exercicio 2023.
- 2 A execución e xustificación da anualidade 2022 debe realizarse antes do 15/10/2022.
- 3 Tal e como está plantexada a concesión da subvención e o nivel de vinculación xurídica do noso Orzamento, non se cumpren os límites dos gastos plurianuais regulados na Lei de Facendas Locais, polo que é preciso que o Pleno aprobe os novos límites con carácter previo á adxudicación dos expedientes de contratación.

2

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo que adopte o seguinte acordo:

Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **luns, día 1 de agosto de 2022, ás 20:30 horas.**

*Documento asinado dixitalmente*

A Alcaldesa  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:** Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o luns, día 1 de agosto de 2022, ás 20:30 horas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## 2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO LÍMITE DOS GASTOS PLURIANUAIS NOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN 9/2022 E 10/2022, RELATIVOS AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2022-2023

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

### **Asunto: Incremento dos límites cuantitativos nos contratos plurianuais.**

Expediente de contratación: **9/2022 e 10/2022**

Denominación: **PMC 2022-2023**

Financiación: **Cofinanciado con AGADER**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, ao abeiro do artigo 84.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e segundo os seguintes

#### **Antecedentes Administrativos:**

- 1 O investimento denominado "Pavimentación acceso a Fontefría e outros. (camiño Areas - Comparada e camiño Ponte autovía - estrada xeral)" (cun orzamento de licitación de 32.319,22 €) está financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en virtude da subvención notificada o día 22/06/2022, por importe de 26.710,10 €. O crédito para o exercicio 2022 (7.724,29 €) estaba parcialmente previsto nos créditos iniciais do Orzamento 2022 e quedou suplementado grazas á tramitación da MC 10/2022.
- 2 A distribución do contrato por anualidades é a seguinte, en virtude da resolución que concede a subvención:

| Ano    | Execución anual<br>estimada | Crédito<br>orzamentario /€ | Agader/€    | Concello/€ |
|--------|-----------------------------|----------------------------|-------------|------------|
| 2022   | 23,90 % do total            | 7.724,29 €                 | 6.383,71 €  | 1.340,58 € |
| 2023   | 76,10 % do total            | 24.594,93 €                | 20.326,39 € | 4.268,54 € |
| TOTALS |                             | 32.319,22 €                | 26.710,10 € | 5.609,12 € |

- 3 O investimento denominado "Camiño Riba da Bica (Fontefría e outro)" (cun orzamento de licitación de 42.349,88 €) está financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en virtude da subvención notificada o día 22/06/2022, por importe de 34.999,90 €. O crédito para o exercicio 2022 (10.121,63 €) estaba parcialmente previsto nos créditos iniciais do Orzamento 2022 e quedou suplementado grazas á tramitación da MC 10/2022.

- 4 A distribución do contrato por anualidades é a seguinte:

| Ano    | Execución anual<br>estimada | Crédito<br>orzamentario /€ | Agader/€    | Concello/€ |
|--------|-----------------------------|----------------------------|-------------|------------|
| 2022   | 23,90 % do total            | 10.121,63 €                | 8.364,98 €  | 1.756,65 € |
| 2023   | 76,10 % do total            | 32.228,25 €                | 26.634,92 € | 5.593,33 € |
| TOTALS |                             | 42.349,88 €                | 34.999,90 € | 7.349,98 € |

- 5 A Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 140 do 01/08/2022, no que en resumo sinala que:

"Nos casos incluídos nos parágrafos a) y e) o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente ao ano no que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70%; no segundo exercicio, o 60%; no terceiro e cuarto exercicio o 50%.

O artigo 82.4 do RD 500/1990, do 20 de abril, sinala:

"4. La aplicación de los límites señalados en los apartados anteriores se efectuará teniendo en cuenta los niveles de vinculación jurídica de los créditos"





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Segundo a Base de Execución Orzamentaria núm. 14 do Orzamento do 2022, o Nivel de Vinculación Xurídica dos Créditos defínese do seguinte xeito:

“Os Niveis de Vinculación Xurídica que se establecen son:

- A nivel de área de gasto, respecto á clasificación por programas.
- A nivel de capítulo, polo que se refire á clasificación económica.
- Nos proxectos de gastos (PG), isto é gastos específicos que contan cun financiamento alleo (total ou parcial) e, no seu caso, cunha achega municipal, vincularán en si mesmos, até o límite do seu financiamento”

Do anterior, resultaría:

| Ano inicial (n) | Nivel de Vinculación Xurídica | Estimación de gasto comprometido 2022 |
|-----------------|-------------------------------|---------------------------------------|
| 2022            | 1.6 PG 25.22                  | 17.845,92 €                           |

O límite cuantitativo para o 2023 no nivel de vinculación xurídica ao que se imputa o gasto (1532.61900 PG 25.22) é o seguinte:

| Ano n+1 | NVX          | Límite de compromisos: 70% do crédito inicial correspondente ao ano no que a operación se comprometeu |
|---------|--------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2023    | 1.6 PG 25.22 | Crédito inicial 2022: 14.749,00 € x 70% = 10.324,30 €                                                 |

Sendo que o límite de compromisos para o exercicio 2023 é de 10.324,30 €, é insuficiente para que a execución orzamentaria do contrato de obra cumpra o límite cuantitativo do 70% do crédito inicial no nivel de vinculación xurídica.

O artigo 84.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece para o suposto de superación dos límites cuantitativos e temporais dos gastos plurianuais, que o Pleno poderá, aos efectos de facilitar o seu cálculo, fixar directamente o importe dos novos límites.

4

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

**Primeiro:** Incrementar o límite cuantitativo do nivel de vinculación xurídica **1.6 PG 25.22**, nos seguintes termos:

| Ano n+1 | NVX          | Límite de compromisos: 70% do crédito correspondente ao ano no que a operación se comprometeu | Importe do novo límite aprobado polo Pleno Corporativo: Límite dispoñible | Anualidade 2023 dos contratos de obras | Límite dispoñible tras aprobar o expediente de contratación. |
|---------|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| 2023    | 1.6 PG 25.22 | 10.324,30 €                                                                                   | 56.823,18 €                                                               | 56.823,18 €                            | 0,00 €                                                       |

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, para a continuación do Expediente de Contratación 9/2022 e 10/2022

Lousame, na data da sinatura dixital.  
A Alcaldesa,  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora, a petición da Alcaldía, explica brevemente a necesidade de adoptar este acordo, xa que tal cal está configurada a subvención, os gastos plurianuais non cumprirían os límites fixados polo Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. E é o Pleno Corporativo o que pode fixar uns novos límites específicos para estes proxectos de gastos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

**Asunto: Incremento dos límites cuantitativos nos contratos plurianuais.**

Expediente de contratación: **9/2022 e 10/2022**

Denominación: **PMC 2022-2023**

Financiación: **Cofinanciado con AGADER**

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, ao abeiro do artigo 84.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e segundo os seguintes

**Antecedentes Administrativos:**

- 6 O investimento denominado “*Pavimentación acceso a Fontefría e outros. (camiño Areas - Comparada e camiño Ponte autovía - estrada xeral)*” (cun orzamento de licitación de 32.319,22 €) está financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en virtude da subvención notificada o día 22/06/2022, por importe de 26.710,10 €. O crédito para o exercicio 2022 (7.724,29 €) estaba parcialmente previsto nos créditos iniciais do Orzamento 2022 e quedou suplementado grazas á tramitación da MC 10/2022.
- 7 A distribución do contrato por anualidades é a seguinte, en virtude da resolución que concede a subvención:

| Ano    | Execución anual estimada | Crédito orzamentario /€ | Agader/€    | Concello/€ |
|--------|--------------------------|-------------------------|-------------|------------|
| 2022   | 23,90 % do total         | 7.724,29 €              | 6.383,71 €  | 1.340,58 € |
| 2023   | 76,10 % do total         | 24.594,93 €             | 20.326,39 € | 4.268,54 € |
| TOTALS |                          | 32.319,22 €             | 26.710,10 € | 5.609,12 € |

- 8 O investimento denominado “*Camiño Riba da Bica (Fontefría e outro)*” (cun orzamento de licitación de 42.349,88 €) está financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), en virtude da subvención notificada o día 22/06/2022, por importe de 34.999,90 €. O crédito para o exercicio 2022 (10.121,63 €) estaba parcialmente previsto nos créditos iniciais do Orzamento 2022 e quedou suplementado grazas á tramitación da MC 10/2022.

- 9 A distribución do contrato por anualidades é a seguinte:

| Ano    | Execución anual estimada | Crédito orzamentario /€ | Agader/€    | Concello/€ |
|--------|--------------------------|-------------------------|-------------|------------|
| 2022   | 23,90 % do total         | 10.121,63 €             | 8.364,98 €  | 1.756,65 € |
| 2023   | 76,10 % do total         | 32.228,25 €             | 26.634,92 € | 5.593,33 € |
| TOTALS |                          | 42.349,88 €             | 34.999,90 € | 7.349,98 € |

- 10 A Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 140 do 01/08/2022, no que en resumo sinala que:

“Nos casos incluídos nos parágrafos a) y e) o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente ao ano no que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

exercicio inmediato seguinte, o 70%; no segundo exercicio, o 60%; no terceiro e cuarto exercicio o 50%.

O artigo 82.4 do RD 500/1990, do 20 de abril, sinala:

“4. La aplicación de los límites señalados en los apartados anteriores se efectuará teniendo en cuenta los niveles de vinculación jurídica de los créditos”

Segundo a Base de Execución Orzamentaria núm. 14 do Orzamento do 2022, o Nivel de Vinculación Xurídica dos Créditos defínese do seguinte xeito:

“Os Niveis de Vinculación Xurídica que se establecen son:

- A nivel de área de gasto, respecto á clasificación por programas.
- A nivel de capítulo, polo que se refire á clasificación económica.
- Nos proxectos de gastos (PG), isto é gastos específicos que contan cun financiamento alleo (total ou parcial) e, no seu caso, cunha achega municipal, vincularán en si mesmos, até o límite do seu financiamento”

Do anterior, resultaría:

| Ano inicial (n) | Nivel de Vinculación Xurídica | Estimación de gasto comprometido 2022 |
|-----------------|-------------------------------|---------------------------------------|
| 2022            | 1.6 PG 25.22                  | 17.845,92 €                           |

O límite cuantitativo para o 2023 no nivel de vinculación xurídica ao que se imputa o gasto (1532.61900 PG 25.22) é o seguinte:

| Ano n+1 | NVX          | Límite de compromisos: 70% do crédito inicial correspondente ao ano no que a operación se comprometeu |
|---------|--------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2023    | 1.6 PG 25.22 | Crédito inicial 2022: 14.749,00 € x 70% = 10.324,30 €                                                 |

Sendo que o límite de compromisos para o exercicio 2023 é de 10.324,30 €, é insuficiente para que a execución orzamentaria do contrato de obra cumpra o límite cuantitativo do 70% do crédito inicial no nivel de vinculación xurídica.

O artigo 84.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece para o suposto de superación dos límites cuantitativos e temporais dos gastos plurianuais, que o Pleno poderá, aos efectos de facilitar o seu cálculo, fixar directamente o importe dos novos límites.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** Incrementar o límite cuantitativo do nivel de vinculación xurídica **1.6 PG 25.22**, nos seguintes termos:

| Ano | NVX | Límite de | Importe do novo límite | Anualidade 2023 | Límite dispoñible |
|-----|-----|-----------|------------------------|-----------------|-------------------|
|-----|-----|-----------|------------------------|-----------------|-------------------|





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

| n+1  |                 | compromisos: 70% do crédito correspondente ao ano no que a operación se comprometeu | aprobado polo Pleno Corporativo: Límite dispoñible | dos contratos de obras | tras aprobar o expediente de contratación. |
|------|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|------------------------|--------------------------------------------|
| 2023 | 1.6 PG<br>25.22 | 10.324,30 €                                                                         | 56.823,18 €                                        | 56.823,18 €            | 0,00 €                                     |

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, para a continuación do Expediente de Contratación 9/2022 e 10/2022

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta e cinco minutos (20:45 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Mª Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

